

11

Buenos Aires, 19 de Xunio de 1964.

Sr. D. Ramón Piñeiro

Santiago

Meu querido amigo:

Recibín o recorte de "La Noche" coa nota sobor da disposición de pintura de Lugo. Agradézoche moito o envío, pois non tiña a menor noticia do que tiña pasado, e alegroume tamén de que a xente se interesase polos meus cadros. Un destes días enviaréiche unha separata dun pequeno ensaio encol da integración das artes que fixen pra a revista da Universidade de Buenos Aires e que son, de certo xeito, notas pra un ensaio maior que teño pensado facer. Tamén escribín outro pra revista da Universidade de La Plata sobre o Padre Feijóo e as artes visuaes en relación con problemas da pintura do seu tempo e do noso. Este non sei cando sae. Teño moitas ganas de voltar a Galicia, cicáis, si podo, pra ano que ven, e quedarme a vivir e traballar ahí xunto a unha ría do norte, gustaríame na de Sada. Xa veremos. Estou traballando moito. Rematéi un novo álbum, "Bestiario", de grabados en madeira, que editará próximamente unha editorial de Rosario. Fai poucos díase escribinlle a Domingo e a Paco. Esou moi agradecido a todos vos, os amigos de esa. Saúdaos a todos no meu nome, e Isabel a ti recibide unha aparte de Maruja e miña.

A miña nova dirección é: Calle Montevideo 1985, piso 13. Dto. 68.

A tua carta derradeira chegoume de casualidade.